

**CONCELLO  
DE VIGO**



**ÁREA DE FESTAS E TURISMO**

**PROPOSTAS PARA A PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA DOS CONCERTOS E ESPECTÁCULOS QUE SE VAN CELEBRAR NO MARCO DO FESTIVAL DE VERÁN DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020 (expediente 8483/335).**

**INFORME PROPOSTA**

Dentro do contexto da situación actual da crise sanitaria e das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 segundo a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 modificado posteriormente por Resolución do 25 de xuño o servizo de Festas prevé dentro do programa Vigo en Festas 2020 a organización dun Festival de verán consistente, entre outras, en Concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade e Ciclo de Bandas de Música “As son das Festas de Vigo”.

O espazo escénico onde se desenvolverán as actuacións será en diversos escenarios nos barrios e parroquias e núcleo urbano do Municipio de Vigo nas condicións que determinen os protocolos COVID que a dito efecto disporá o Servizo de Festas, todos eles ao aire libre, e que se detallan:

- 1) Beade (torreiro da festa), 2) Bembrive (pista deportiva), 3) Bouzas (praza da igrexa), 4) Cabral (praza da igrexa), 5) Calvario (rúa peonil xunto ao mercado), 6) Candeán (novo torreiro), 7) Casco vello (praza da Pedra), 8) Centro comercial Coia (xunto ao centro comercial Coia 4), 9) Coia (praza Mestre Don Prudencio Rodríguez), 10) Coruxo (pista deportiva xunto á capela de San Sebastián de Fragoselo), 11) Lavadores (torreiro da festa de Santa Cristina), 12) Matamá (torreiro da festa), 13) Náutico (avenida Montero Ríos, contorna da estación da ría), 14) Navia (zona verde do parque), 15) O Castro A (na contorna do monumento á Batalla de Rande), 16) O Castro B (rotonda superior do parque), 17) Parque de Castrelos (escenario pequeno), 18) Porta do Sol, 19) Praza da Estrela, 20) Praza da Independencia, 21) Praza da Miño, 22) Praza do Berbés, 23) Rosalía de Castro (entre as rúas República arxentina e Inés Pérez de Ceta), 24) Saiáns (pista deportiva), 25) Samil (pista de patinaxe), 26) San Andrés de Comesaña (torreiro da festa de Santo Andrés), 27) San Miguel de Oia (torreiro da festa de Nosa Señora dos Liñares), 28) San Roque (parque), 29) Sárdoma (palco do parque xunto á igrexa), 30) Teis (contorna do mercado), 31) Teis Riouxa (parque da Riouxa), 32) Valadares (torreiro de festa) e 33) Zamáns (torreiro da festa no parque forestal).

Todas as actividades que se programen serán de acceso gratuíto ao público, estando á asistencia ás mesmas limitada unicamente aos aforos e condicións recomendados polos correspondentes protocolos de seguridade e de sanidade.

Coa finalidade de levar a cabo a programación do Festival de Verán e dotar de orde e coherencia ás distintas iniciativas achegadas ao Servizo e conforme os principios de publicidade, transparencia que rexe en materia de contratación e como principio de actuación da administracións públicas considérase conveniente aos efectos das contratacións artísticas obxecto do programa abrir un prazo ao obxecto de recepción de propostas de artistas que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/07/2020 14:13	Páxina 1 de 3
Expediente 8483/335	CSV: 25E8EE-8829AC-46BC8A-37ZZGH-XKNQZ8-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

desexen participar no festival e outros concertos/espectáculos que se poidan desenvolver durante o programa.

#### ASPECTOS XERAIS

- De acordo coa finalidade do programa e principio de descentralización territorial poderase contratar distintas actuacións cun mesmo artista.
- As datas das actuacións e a dispoñibilidade do/s artista/s será compatible co calendario do programa Vigo en Festas 2020 ( xullo, agosto e setembro).
- As condicións técnicas (“riders”) dos espectáculos terán que adaptarse aos lugares de actuacións propostos e terán que ser alcanzables en canto ao custo.
- As produtoras terán que presentar a exclusividade do artista cando sexa requirida.
- Nos casos de que as propostas artísticas sexan coincidentes con relación ao artista e ao prezo, terá que optarse por aquela promotora que poida presentar o documento que acredite a exclusividade.
- Se parte da programación tivese que ser suspendida por mor de inclemencias meteorolóxicas nunha data concreta, as actuacións suspendidas serían trasladadas a unha nova data dentro do ano 2020.
- Os espectáculos seleccionados non poderán supoñer ningún risco para o público asistente e deberán axustarse aos protocolos de seguridade e medidas de prevención que determine a autoridade sanitaria (Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 202 modificado posteriormente por Resolución do 25 de xuño ou normativa que a substitúa)

#### PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

Os artistas ou quen os represente, empresas promotoras ou organizadoras de eventos, espectáculos, concertos ou actuacións artísticas que estean interesadas en participar na actividade FESTIVAL DE VERÁN presentará non prazo de cinco días hábiles seguintes á publicación deste anuncio no perfil do contratante proposta a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo

#### REQUISITOS DA PROPOSTAS

Poden presentar propostas, coa correspondente proposta económica, as persoas físicas e xurídicas con plena capacidade de obrar, que non estean comprendidas nalgunhas das circunstancias que os prohiben contratar; que contén coa habilitación profesional necesaria para prestar o obxecto do contrato e que cumpran os requisitos e as obrigas previstas pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Deberase achegar a seguinte documentación.

- Declaración responsable
- Proposta económica: o presuposto debe presentar o importe total de gastos nun só documento, desglosando honorarios de contratación artística e condicións técnicas (riders) IVA, IRFP.
- Dossier da proposta na que se especifique:
  - Artista/s que formarán parte do concerto/espectáculo,
  - Breve historial del solista/grupo e se dispoñen da mesma, dirección de páxina webs onde se poidan ver actuacións, vídeos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/07/2020 14:13

Páxina 2 de 3

Expediente 8483/335

CSV: 25E8EE-8829AC-46BC8A-37ZZGH-XKNQZ8-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## DOS ESPECTÁCULOS/CONCERTOS

A determinación dos espectáculos/concertos que conformarán a programación realizarase por parte do Servizo de Festas entre todas as proposta achegadas ao servizo polas empresas promotoras, tendo en conta:

- Que no seu conxunto dea como resultado unha oferta atractiva e de actual interese para a cidadanía en xeral e adecuación do formato ao obxectivo do programa (actuacións artísticas nacionais principalmente de carácter local de pequeno formato en distintos puntos da cidade, barrios e parroquias)
- Que intentará poñer en valor e difundir as diferentes expresións artísticas

Logo da aprobación do programación o Servizo de Festas procederá ao inicio dos expedientes dos contratos privados de interpretación artística e de espectáculos, segundo o procedemento legalmente establecido na Lei 9/2017, de 8 de outubro, de contratos do sector público

Polo exposto elévase á Concelleira de Festas e Turismo como órgano competente para a súa aprobación en materia de programación das actividades festivas e socioculturais festas delegadas por Resolución da Alcaldía de data 26.06.2019 , a seguinte

### PROPOSTA:

**“PRIMEIRO.- Acórdase a apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de propostas para a “Programación artística dos concertos e espectáculos que se van a celebrar no marco do Festival de Verán dentro do Programa Vigo en Festas 2020.-**

**SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no perfil do contratante e “Portal de Transparencia” conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.“**

Vigo, na data da sinatura dixital

O xestor técnico dos expedientes de Festas (*conforme Decreto de data 17 de xuño de 2020*), José Ángel Lago Filgueira

### DECRETO

Á vista do anterior informe-proposta do xestor técnico dos expedientes de Festas e no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Decreto de Delegación de competencias de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno local de 20 de xuño de 2019), **RESOLVO de conformidade co mesmo.**

JALF/vmo

Vigo, na data da sinatura dixital

A concelleira de Festas e Turismo, María del Carmen Lago Barreiro.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/07/2020 14:13

Páxina 3 de 3

Expediente 8483/335

CSV: 25E8EE-8829AC-46BC8A-37ZZGH-XKNQZ8-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>